

UN ABOGADO CONTRA A CHUVA ACIDA: CONVERSA CON MARC VIADER

CERNA

De entre o reducido grupo de abogados que no estado español veñen exercendo accións en defensa do medio ambiente, Marc Viader é sen dúbida o mais coñecido. Desde o seu despacho de Manresa ten levado as causas polos danos ocasionados por emisións de chuva ácida nas centrais térmicas de Andorra (Teruel) e Serchs (Barcelona). Estes casos acadaron unha forte resonancia na opinión pública, en especial, cando no primeiro deles a condena por delito ecolóxico salpicou ao presidente de ENDESA, Feliciano Fuster, e obrigou a intervir no seu favor ao propio ministro de Xustiza. Igualmente Marc Viader exerceu a acción popular pola posíbel comisión dun delito de riesgo no incendio da central nuclear de Vandellós, e nun ámbito tan próximo á ecoloxía como o da saúde pública, foi un dos abogados da acusación no tristemente famoso caso da síndrome tóxica. Marc Viader pronunciou unha conferencia o pasado mes de febreiro en Lugo, e falou á seguir con *CERNA*.

C.: ¿qué é o delito ecolóxico e desde cando figura na lexislación española?

M.V.: O delito ecolóxico como tal introduciu-se no Código Penal no ano 1983, e refírese a calquera conduta "que contraviñendo as Leis ou Regulamentos protectores do medio ambiente, provocare ou realizare directa ou indirectamente emisións ou verquidos de calquera clase, na atmosfera, o chan ou as augas terrestres ou marítimas que poñan en perigo grave a saúde das persoas ou podan mancar gravemente as condicións de vida animal, fragas, espazos naturais ou plantacións útiles" (art. 347 bis).

Pero en todo caso antes de 1983 había xa outras normas operativas aplicábeis en defensa do ben xurídico que é o ambiente, ben no ámbito administrativo, ben no civil.

E, con posterioridade, isto segue a ser así, o dereito penal centrado na cuestión do delito ecolóxico, ademais de non ser algo que empeza no 83, despois dese ano non vai só, senón acompañado de todo un entorno, no que ademais das leis que aparecen no noso territorio existen tamén directivas comunitarias. Uns pescadores que un día encontran os peixes do río mortos e unhas manchas sospeitosas, poden exercer non só unha acción no ámbito penal, senón tamén no civil ou no administrativo. Polo tanto, aínda que a figura



Marc Viader, a esquerda, nunha conferencia en Lugo.

penal do "delito ecolóxico" é importante non é a única que permite exercer accións en defensa do ambiente.

C.: ¿Por qué hai tan poucas denuncias por danos ambientais? ¿é doado denunciar a unha térmica, por exemplo?

M.V.: Non o é, é mais ben complicado; é importantísimo encon-



A central térmica de Endesa en As Pontes é unha das mais contaminantes de todo o Estado en canto a emisións por dióxido de enxofre, e pola chuvia ácida derivada.

trar un fiscal sensibilizado, un xuíz sensibilizado, uns medios de comunicación respetuosos coa autoridade xudicial, pero sensibilizados, que non vaian en plan demagóxico, e por suposto un advogado ou advogada que estexa disposto a traballar de balde ou case de balde. Hai dous atrancos principais nestas causas por delito ecolóxico, digamos macro: conseguir que se sente no banquillo a administración, e conseguir unhas peritaxes profundas porque non hai diñeiro para pagar pagá-las; a min faría-me muita ilusión que esa efervescencia que hai, ese intento de loitar fronte a central de As Pontes fora adiante, pero ha-se de buscar un financiamento, porque do contrario non será posíbel, compre no xuízo demostrar a relación causa-efecto entre as emisións e os danos causados e nun momento dado pode haber unha información de peritos pagados pola empresa afirmado que non existe tal e se non hai outra cando menos igualmente solvente para a contrarrestar, o xuíz encontrará-se na imposibilidade de poder decidir ou fará-o en sentido absolutório. Este é un dos puntos prácticos que eiva ás causas por delito ecolóxico, inclusive os casos pequenos, o tema da pericial, que é un problema que os xovens tendes que pedir, que teñamos en cada nación histórica un Instituto Pericial, como o teñen en Inglaterra; que non pase isto, de que por reclamar nun simple caso por exemplo de praxis médica, unha persoa a quen lle cortan a perna boa e non a mala e que logo saian uns peritaxes que te quedas incrivelmente pasmado de que te xustifican que a perna boa estaba ben cortada. Se non hai unha pericial neutral, suficientemente independente desde o punto de vista económico e de capacidade, todos eses casos, e non só os ecolóxicos, van eivados, e só o afán voluntarista de uns poucos consegue abrir brecha, pero non podemos estar in aeternum así, ten que chegar un día en que os peritos corten o bacallau, pero dun xeito neutral.

C.: E a respecto da administración, decía que o outro problema era o de sentar a esta no banquiño.

M.V.: Sí, eso é importante porque é imposible que cando hai unha agresión enorme, cuantitativamente esaxerada, que esta agresión pasara despercebida á administración e aos seus funcionarios. Pode pasar desapercibida a contaminación realizada por unha industria pequena, pero atención, cando se trata dunha grande industria, que encima debe cumprir uns standards medioambientais marcados pola lexislación comunitaria é imposible, e mais se se trata dunha empresa pública; en consecuencia é un punto capital o de dilucidar se vai ser posíbel condenar á administración a pagar as compensacións debidas. Ademais, se o mal causado é moi grande e a empresa ou a persoa non pode compensar, a responsabilidade civil subsidiaria da administración pode ser o único xeito de reparación.

Desde hai tempo eu propoño que saia un precepto no Código Penal, fora da parte xeral, que en materia medioambiental incida dalgunha maneira no tema da responsabilidade civil da administración, é dicir, que quede reflexado que pode haber esta responsabilidade. Comprendo que a ningún goberno lle goste unha normativa así, pero é que tería uns efectos benfeitores moi grandes. O funcionario que souber que da súa actuación de non vixiar podería derivar-se logo unha responsabilidade da administración o lóxico e que tivera un sentimento de espada de Damocles encima da súa cabeza e iría con mais coidado; non iba ser mais contemporizador que na situación actual.

C.: Polo que está a dicer, semella que aínda que se fale e se escriba muito sobre o dereito ambiental, as accións efectivas son poucas, non si?

M.V.: A aparición do delito ecolóxico no Código Penal no 1983 ocasionou unha cascada de literatura na que os tratadistas interpretaban o sentido e as consecuencias da norma. Pero o desmenzamento crítico-teórico foi muito maior que a aplicación práctica. Tanto como que fixo falta chegar á década dos 90 para que o Tribunal Supremo tivera ocasión de pronunciar-se respecto dunha conducta por delito ecolóxico; refero-me ao caso das chuvas ácidas procedentes da central térmica de Serchs na comarca do Bergadá, en Barcelona, propiedade de FECSA.

C.: Non sería mala idea que nos comentara brevemente este primeiro caso de delito ecolóxico coñecido polo Tribunal Supremo, pois muita xente opina o da central das Pontes é un caso aínda mais grave. De feito ten case dez veces mais capacidade que a de Serchs.

M.V.: A cousa comezou cando ao meu despacho chegaron no 1979 uns campesiños que tiñan unhas reses que perdían a vista e logo ían morrendo, e non sabían de qué; pero é que ademais aos frutais pasaba-lles algo parecido. E o veterinario dicía-lles que aquilo tiña que ver con unha central térmica lonxana, que estaba convencido delo, porque estaban tomando unhas herbas que tiñan un alto compoñente de ácido sulfúrico. Daquela visitaron a FECSA, que hoxe é practicamente de ENDESA. Na eléctrica dixerón-lles que de eso nada, qué cousas máis raras se lles ocorren!!, non existe relación entre unha cousa e a outra. Pero se enteraron de que aos propietarios de algúns bosques que estaban a morrer se lles estaba dando un cánon anual, polo que teimaron. Pensamos a ver de poñer unha denuncia no xulgado por suposto delito de imprudencia temeraria con resultado de morte de reses -aínda non había a figura do delito ecolóxico-. Ao xuíz aquilo sonou-lle a chino (que cousas mais demenciais din vostedes!!)... e así até que apareceu un xuíz mallorquín, que o home viña sensibilizado con estes temas, e comezou a estudar o asunto até o punto de que colleu un jeep e foi co persoal do xulgado montaña arriba. Logo veu o do delito ecolóxico no 83, e entón houvo xa dúas accións, a dos campesiños e a dun grupo ecoloxista, e a partir de aí foi vital a inspección ocular, pero xa mais sofisticada, con técnicos e tal. No ano 1989 veu a primeira sentenza do Supremo por delito ecolóxico que foi precisamente neste caso, porque claro, FECSA fora condenada e recurrira. A sentenza do Supremo pode-la encontrar xa en calquera colección lexislativa; foi un precedente importante, aínda que o único condenado fora o director técnico da central.

Outro caso importante, que está agora en curso, é o da central de Andorra (na provincia de Teruel), unha central que é de ENDESA, a empresa pública que é tamén propietaria da que vos tendes en As Pontes. Neste caso os comezos foron diferentes. Había unhas demandas civís postas por concellos esixindo indemnizacións e a un fiscal moi activo, Javier Carceller, da fiscalía de Castellón, chocou-lle que non se tivera posto unha querela penal por delito ecolóxico, polo que él mesmo decidiu poñé-la. A vista diso tamén eu me animei a entablar unha acción popular, a ver se o que non se puido facer na de Serchs, sentar no banquillo á administración, a ver se o

podíamos facer aquí. Desta vez, contou-se con uns estudos xa mais sérios, que evitaron andar co jeep. O caso é coñecido polo escándalo que supuxo o feito de que ao fiscal Carceller se lle prohibiu pedir o encausamento de Feliciano Fuster; posteriormente negouse-me a min como querelante popular a posibilidade de manter a acusación contra Carmen Mestre, que era a Directora General de Energía no 1985 y Víctor Pérez Pita que o era no 1987.

C.: Polo que parece á produción de enerxía é un sector ao que resulta difícil meter-lle man desde este punto de vista.

M.V.: As veces dícese que se non podemos coas térmicas vaíamos coas nucleares, pero calquera que coñeza o tema sabe que calquera saída pasa nen polas térmicas nen polas nucleares, o futuro está nas enerxías alternativas, en pular en serio o aforro energético. Non podemos, por un lado, expoñer-mos de por vida aos residuos radioactivos (nucleares), e por outro lado, non podemos estar amplificando o efecto invernadeiro (térmicas). Eu diría para terminar que, atención, non fagamos demagogia co delito ecolóxico non vaia ser que haxa muitos procesos de delito ecolóxico e se estea dando golpes na cabeza a muitos empresarios pequenos mentres que os responsábeis da grande, da macro contaminación estexan ben agarimados. Xusto cando estaba a piques de saber-se a noticia do encausamento de Feliciano Fuster a televisión bombardeaba con unha campaña a base duns carteis de gran colorido que dicía: "a natureza nos merece o máximo respecto".■

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA



MATERIAL BIBLIOGRÁFICO SOBRE MEIO AMBIENTE QUE PODES PEDIR AO NOSO LOCAL (para socios co desconto do 30%).

LIBROS

- I Xornadas de Educación Ambiental (400 pts).
- Celulosa e Progreso (400 pts.)
- Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego (1.100 pts).
- Baldaio, espazo protexido (1.900 pts.).
- Guía das Aves de Galicia (3.100 pts.).
- Forgoselo, espazo natural (2.300 pts.).

REVISTAS (300 pts. número)

- Albadabranca, nº 1, 2, 3
- Adega, nº 1, 2, 3, 4, 5
- Cerna nº 6 (350 pts.).

Pedidos en:

Rúa de Touro, 21-2º. Santiago.
Telf.: 57 00 99.